



A Comisión de Bioética, cuxo obxectivo, normativamente recollido, é velar pola protección dos dereitos fundamentais no ámbito sanitario galego, perdeu nos últimos meses 9 membros, que dimitiron por mor das "inxerencias" que desde a Consellaría de Sanidade se fan no traballo independente deste órgano. Sete deses membros veñen de dimitir esta mesma semana, fartos/as de que se pretenda dirixir a súa labor, posto que se censurou un informe que elaboraron sobre as desigualdades na asistencia sanitaria.

Está claro que á señora Conselleira, Rocío Mosquera, e ao seu equipo de demolición da Sanidade Pública, non lles interesa que se publiquen certos informes que dan conta da terríbel situación pola que pasa o servizo sanitario público galego despois das políticas de recortes, desmantelamento e privatización da Administración PP.

A Rocío Mosquera quédanlle dúas opcións: ou dar marcha atrás e permitir a publicación do devandito informe e a aplicación das recomendacións sobre normas e protocolos de actuación que atinxen a cuestións bioéticas, ou ben a dimisión por pretender dirixir o traballo dun órgano asesor como é a Comisión de Bioética.

Así, xa as inxerencias desde a Consellaría provocaron a dimisión de dous membros desta Comisión o verán pasado, ás que agora se suman estas novas sete dimisións pola censura dese informe, que xa temos gañas de coñecer, posto que debe de recoller moitas das eivas, problemas e desigualdades na asistencia sanitaria que vimos denunciando desde a **CIG-Saúde**, xa que tanto pretenden ocultalo.

Señora Mosquera, publique o informe. Que medo tén? Non defende vostede a súa xestión como marabillosamente eficaz? Pois queremos ver os resultados, queremos saber qué concluiu a Comisión de Bioética. E se non, DIMITA.